

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

FP SI, PERO NON ASÍ

O mes de xuño vén cheiño de sorpresas. Cada ano, as equipas directivas dos centros de secundaria e dos CIFP agardan inxugas o anuncio da oferta formativa para a formación profesional, ese acto deseñado para acaparar todos os focos da prensa, o que require dalgunha primicia, dalgún anuncio bomba. Pode que algún centro descubra ese día que vai ver minguada a súa oferta presencial para aumentar a de distancia, modalidade moi resultona (con rateos moito maiores) mais con pouco sentido pedagóxico en familias profesionais onde o compoñente práctico e o contacto entre persoas é crucial para acadar as competencias. Tanto ten que o ciclo asignado para un centro, poñamos por caso, da Terra Cha, estea vinculado ao sector naval, o que forzaría o alumnado a desenvolver as súas prácticas lonxe da casa, nin que o ciclo se implante en centros que carecen de espazos e de recursos materiais e humanos. **O caso é innovar. Mais os experimentos, mellor con gasosa, e non co alumnado máis vulnerábel, o da FP básica.**

Hai uns poucos anos, o profesorado dun CIFP que conseguira asentar o ciclo básico de limpeza de edificios, un dos máis feminizados, descubría con sorpresa que a Consellaría, sen previa consulta co centro, eliminaba esa oferta para substituíla por outra para a que non había espazos, pero que ten unha utilidade social indiscutible: o ciclo de mantemento de embarcacións de recreo. Unha compañeira, docente do ciclo eliminado, expresaba a súa tese ao respecto: as decisións na Consellaría tómanas tres macacos tocando os pratos. Non atopaba outra explicación aos golpes de temón aos que nos ten acostumados o departamento que debería velar pola calidade do ensino público galego.

Esa tese explicaría o que está a acontecer este fin de curso. **O IES de Carral e o República Oriental de Uruguay, en Vigo, foron graziados no bombo da oferta formativa da FP deste ano.** A grande novidade, sacada da chistera de Román Rodríguez, as aulas nómades, un sofisticado dispositivo da novidosísima arquitectura pedagóxica onde se pretende formar alumnado vulnerábel en ciclos de automoción e electrónica. O problema non é o nome (recoñezámolo, ten o seu encanto), mais as formas nas que este plan, do que non temos máis información, se pretende implantar. Vexamos o caso de Carral. O 10 de xuño, en plenas avaliacións, a Consellaría ponse en contacto coa dirección do centro anunciando que pretenden implantar un ciclo de básica para o curso que vén. Malia a negativa do claustro en bloque á implantación dunha oferta para a que non existen espazos nin demanda, a administración segue co plan previsto.

steg.gal



EN
SI
NO
Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

A escolla do ciclo non responde nin ás necesidades produtivas da zona nin á distribución xeográfica da oferta na comarca, que xa existe noutros concellos próximos. O interese, semella, está na propia infraestrutura que o vai acoller: uns “módulos totalmente equipados”, en palabras do conselleiro, para ofrecer, tanto a formación específica como os contidos comúns que debe recibir este alumnado que non rematou a ESO. Unha “FP á carta” (atención á linguaxe mercantilista), aínda que sen opción de escolla para a clientela. Pouco importa que o centro non dispoña de espazo para instalar eses módulos: hai unha leira ao lado que ben vale (a propietaria do terreo soubo pola prensa das intencións expansionistas da instituto lindeiro). E se as docentes teñen que mollarse para moverse dun lugar a outro, xa se sabe: somos todoterreo.

O problema, como berran as familias e as docentes que levan semanas manifestándose contra o despropósito, non é a FP básica. O problema é a falta de planificación que caracteriza esta Consellaría, que crea e elimina ofertas sen criterio pedagóxico nin social. Neste caso, o continente, eses módulos tan innovadores que poden desprazarse a capricho das administracións educativas, semella estar por tras desta aparente improvisación. Certo é que a súa instalación pode ser un negocio interesante para algunha empresa amiga. Se cadra é aí onde están os macacos con pratos que imaxinaba a compañeira.

steg.gal



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade